Fotos para as mil historias de Carral

Arquivo fotográfico do Concello de Carral

Carlos Lorenzo Pérez

Fotos para as mil historias de Carral

Recompilación e tratamento das fotografías, texto e coordinación da obra:
Carlos Lorenzo Pérez

Todas as fotografías forman parte do
Arquivo Fotográfico Histórico Municipal do Concello de Carral

Revisión lingüística
Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carral

Copyright desta edición:
© Carlos Lorenzo Pérez
© Concello de Carral

© das fotografías os autores

© Editorial:
Deputación Provincial da Coruña
Alférez Provisional, 2
15003 A Coruña

Depósito Legal C 97 - 2015
ISBN: 978-84-9812-263-3

Imprenta Provincial
A Coruña, 2015

Todos os dereitos de reprodución, adaptación, traducción e representación dos textos, ilustracións e fotografías
están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

Fotos para as mil historias de Carral

Arquivo fotográfico do Concello de Carral

Carlos Lorenzo Pérez

Deputación DA CORUÑA

Concello de CARRAL

A Coruña é unha terra chea de historia. Desde o megalitismo ata estes de revolución dixital, na nosa provincia vivíronse escenas históricas de especial relevancia. Mais este é un libro de historias cotiás, das xentes “normais” das que herdamos o noso modo de ser.

Carral, un concello no que aconteceu un dos sucesos máis salientables da nosa memoria, o fusilamento dos Mártires da Liberdade, vese reflectido neste libro cunha colección de fotos protagonizadas polas xentes dos tres primeiros terzos do pasado século. Moitas desas fotos teñen de fondo o famoso monumento que homenaxea aos Mártires, misturando a historia máis heroica coas lembranzas dunha xente que sempre se mostrou amigable, emprendedora e acolledora, unhas características forxadas grazas á condición de lugar de tránsito destas terras.

Desde a Deputación Provincial sentímonos comprometidos con esta iniciativa do Concello de Carral, e de feito, xa colaboramos a través das subvencións para actividades culturais, coas exposicións que precederon este exemplar. Fotos para as mil historias de Carral é un modelo de recuperación do noso patrimonio e historia para transmitirlla ás xeracións vindeiras. Nesa labor debemos confluír as institucións apoiando iniciativas coma esta.

Compartimos así, cos lectores deste libro, o mergullarnos nestes recordos en branco e negro para coñecer unha sociedade que marcou a nosa identidade e da que herdamos un carácter e patrimonio que debemos preservar.

Diego Calvo Pouso

Presidente da Deputación Provincial da Coruña

O actor e poeta tráxico francés Daniel Gélin dixo: “chámase memoria á facultade de lembrar aquilo que quixeramos esquecer”. Eu diría o contrario. En realidade considero que a memoria é a base da nosa aprendizaxe e da nosa cultura. O que somos debémosllo á memoria.

Este libro é unha caixa de memoria, é un contedor de lembranzas que nos serve para axudarnos a comprender o Carral deste século XXI, ollando como era no século anterior, incluso no XIX.

Teño compartido infinidade de momentos emocionantes con moitos veciños nas exposicións que o departamento de Cultura do Concello que me honra presidir ten organizado baixo o mesmo título que esta obra. Teño comprobado como a morriña, a ledicia, a tristura ou a sorpresa do descubrimento invade a maiores e novos cando miran as vellas fotografías das nosas xentes e da nosa vila e aldeas. Sempre se observan con emoción e debo dicir que moito me teñen ensinado as persoas maiores que me axudaron a interpretar aqueles momentos captados pola cámara fotográfica varias décadas atrás. Atrévome a dicir que as exposicións das fotos antigas teñen sido dos eventos culturais organizados polo noso Concello que máis aceptación e seguimento tiveron entre a nosa poboación.

Pero este libro e as exposicións que o precederon e as que se presentarán no futuro son resultado dun compromiso compartido. Pola nosa parte sentímonos responsables da conservación e difusión do patrimonio documental; e pola parte da cidadanía existe o seu entusiasmo e colaboración para aportar aquelas imaxes que pasan a formar parte do Arquivo Fotográfico Municipal. Así, co esforzo e xenerosidade de todos, seremos capaces de deixar para as xeracións vindeiras un patrimonio que lles servirá para documentar a súa historia.

Quero lembrar tamén ao fotógrafo José Gestal, ao que todos coñeciamos como “Cardoña”, autor de moitas das fotografías que están neste libro. O seu traballo diario durante varias décadas nutriu de recordos as casas de todos os carraleses. Quen sabe os milleiros de “disparos” que fixo coa súa cámara. Moitos deles produciron as fotografías que serven para lembrar o que fomos. Moitas desas imaxes están agora nas vosas mans. Queremos que con este libro non se esqueza a súa obra. Cardoña seguramente pensaba que non estaba facendo outra cousa máis que gañarse a vida cunha cámara de fotos. Nós temos agora a obriga de considerar o seu traballo como un tesouro artístico e documental de Carral.

Agardo que a lectura e a ollada deste volume resulte un momento de reencontro e de descuberta coas innumerables historias que hai detrás de cada imaxe. Son a nosa memoria.

José Luis Fernández Mouriño

Alcalde

Sendo a responsable da área de Cultura do Concello de Carral, resulta para min un pracer ver publicado este libro de fotos antigas do noso municipio. Estou convencida da importancia da recompilación histórica que durante 16 anos leva facendo a concellería que agora me toca dirixir. Está sendo un traballo que posibilita amosar estas fotografías ás distintas xeracións, no que xogan un papel fundamental as achegas dos nosos veciños, facendo posible exposicións itinerantes polas parroquias e a publicación, ata o presente, de dous libros.

Como un reflexo do material gráfico que contén o Arquivo Fotográfico Municipal, neste exemplar podemos contemplar, entre outros temas, actos oficiais e culturais, como algúns de homenaxe aos Mártires, e festas populares e romarías que sempre formarán parte da nosa historia e cultura.

Téñome sentido contaxiada pola nostalxia e a emoción que invade a moitas persoas que, ollando estas vellas fotografías, ven aos que xa non están. Para eles ser espectadores das exposicións que temos levado a cabo tense convertido nunha viaxe á infancia e á xuventude. Mirar estas imaxes suponlles un feliz retorno polos recordos, e síntome orgullosa de ser partícipe destas excursións pola memoria da nosa xente e da nosa terra.

Mais este traballo non remata coa publicación deste libro. Continuará nos vindeiros anos porque consideramos que todo isto forma parte esencial de nós. Convídoos a que o sigamos facendo xuntos a prol da nosa memoria e en beneficio das xeracións vindeiras.

Isabel López Pérez

Concelleira de Cultura

Cardoña é o nome co que nos dirixiamos ao noso fotógrafo José Gestal. Lembro as súas fotos dos anos sesenta, en branco e negro, positivadas dos seus negativos en papel granulado de formatos pequenos coas marxes en branco e guillotinadas de acabado irregular, datadas no reverso e co selo impreso en tinta vermella "FOTO GESTAL" – Carral – Tabeaio.

Cardoña foi un fotógrafo retratista de aldea, sen ningunha sofisticación artística fotográfica. As súas fotos non tiñan máis pretensión que satisfacer aos seus clientes fotografando aquilo que lle ían pagar. Os seus modelos, que polo normal ollaban directamente a súa cámara, estaban ao aire libre, en diversos espazos exteriores (na horta, na estrada, etc.) e atopábanse nas romarías, festas patronais e eventos ocasionais que, na súa moto "Vespa", transitaba asiduamente.

Igualmente, do seu estudio fotográfico familiar saían os retratos de carné, pasaporte e os encargos de vodas.

Cando se trataba de entregar as fotos, estas deixábaas en pequenos comercios da zona, como era a mercería de miña nai en Tabeaio, xa que nos unía unha entrañable amizade familiar. Lembro unha anécdota, sendo eu neno, cando unha clienta se negou a recoller e aboar as súas fotografías encargadas "porque nelas só aparecía unha orella e ela tiña dúas".

Cardoña forma parte dos fotógrafos de posguerra que co seu traballo, amoreado polo depósito de imaxes no seu arquivo ano tras ano, nos deixa un legado fotográfico considerado un ben inventariable para o noso patrimonio cultural que vai máis aló do mero documental, ilustrándonos graficamente os acontecementos inesquecibles dos nosos familiares e das lembranzas do noso pasado inmediato.

A concellería de Cultura do Concello de Carral fixo, nesta ocasión, un esforzo moi meritorio ao emprender a exposición como proxecto propio, contando coa colaboración dos veciños que aportaron gran parte do documento fotográfico escolmado e tamén coa inestimable achega da familia herdeira do autor.

A exposición desenvolveuse de forma itinerante por varios lugares parroquiais do Concello. O resultado é unha mostra de calidade para dar a coñecer o labor documental e profesional do noso fotógrafo José Gestal.

Só me queda felicitar a concellería de Cultura do Concello de Carral por ter feito posible esta merecida exposición e por editar esta publicación que permite ampliar a difusión do legado fotográfico de Cardoña.

Horacio Romero Becerra.

Veciño de Tabeaio, Catedrático de Artes Plásticas e Deseño,
Profesor da Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid.

Sería xusto que figurara como autor deste libro quen fixo posible que existiran a maioría das fotos que contén. O fotógrafo que durante décadas percorreu todos os camiños de Carral para tirar fotos ás súas xentes é responsable, en boa medida, de que gocemos destas imaxes. Todos o coñecían como "Cardoña".

José Gestal García naceu o 2 de setembro de 1918 en Brives, no veciño municipio de Cambre. A Guerra Civil recrutouno, como a maioría dos mozos da súa idade, para loitar contra os que eran igual ca el, sen saber moi ben a que se debía aquel reparto de bandos.

De volta e despois de traballar en transportes militares, comezou cuns fotógrafos da Coruña que lle ensinaron o manexo da cámara e os fundamentos básicos da fotografía. Pronto comezou a percorrer a comarca para "cazar" a quen facerlle unha foto e poder gañar unhas pesetas. Daquela percorría as terras de Culleredo, Cambre e as máis ao norte de Carral, facendo retratos a quen quixera posar diante do seu obxectivo.

Cando conta coa trintena de anos e traballando para Foto Nova, aconteceu un feito que o marcou para o resto da súa vida. Como lle acontecía a moitos fotógrafos do seu tempo, o magnesio que se empregaba como flash para iluminar as escenas máis escuras explotou cando non debía. Nun baile de entroido en Celas de Peiro o magnesio que manexaba recibiu unha faísca ou unha cabicha mal apagada e produciulle a perda de parte dos dedos da man esquerda e a visión do ollo dereito.

Coa imposibilidade de traballar nos oficios máis tradicionais da época, adaptouse para manterse como fotógrafo ata a súa xubilación.

Casado con María Castro, deixa o barrio de Monelos na Coruña e pasa a vivir en Tabeaio, centrando a súa actividade como fotógrafo no municipio de Carral, parte de Cambre, Abegondo, Culleredo e a zona do Mesón do Vento. O seu xeito de traballar era o de percorrer todos os días as múltiples aldeas da zona á procura da posibilidade de que as súas xentes quixeran fotografarse. De volta na casa, ao solpor ou xa de noite, era María a que continuaba o traballo no laboratorio encargándose das tarefas de revelado e positivado. Un ou dous días despois, Cardoña volvía pola mesma zona para deixar nos bares e comercios as copias para que alí as recolleran os interesados. E así un día tras outro, andando por camiños e carreiros, buscando atallos, fuxindo dos cans, buscando vender unha foto máis polas sete pesetas que custaba, e chegando en ocasións á casa cos zapatos ensanguentados polos quilómetros que ferían os seus pés.

José Gestal tamén acudía á chamada dos noivos que se ían casar, dos párrocos que preparaban o día das Primeiras Comuñóns, dos familiares dos defuntos que necesitaban demostrar a morte ou da Garda Civil para facer as fotos dos carnés de identidade. Tamén era habitual velo nas romarías e nos partidos de fútbol. Calquera evento era un bo motivo para achegarse e facer unhas fotos.

As décadas dos anos 50, 60 e 70 serán as de maior actividade, resultando inesgotable a súa dedicación ao traballo e converténdose nun personaxe cotián para todas as xentes da comarca. A súa chegada era sempre benvida e a súa presenza amigable. Eran tempos nos que as cámaras fotográficas eran case de uso exclusivo dos profesionais ou duns poucos afeccionados con maior capacidade económica.

Coa súa dona e a súa filla Matilde trasládanse a vivir a Carral e cambia a súa vella moto Guzzi por unha Vespa de cor verde que lle permite facer o seu percorrido con maior comodidade. Incluso a moto servirá de "atrezo" para moitas fotografías.

Co paso dos anos tamén a filla botará unha man co traballo no laboratorio ou facendo fotos na casa para os carnés e pasaportes, incluso atendendo algunha voda que coincidía con outra que xa tiña comprometida Cardoña. Das sesións de positivado saían "fichas" de tres fotos iguais de 9x13 cm, ou no caso de fotos únicas, como as dos matrimonios, eran dun tamaño de 13x18 cm.

Un avance no negocio tamén foi o de contar con axudantes que repartían as fotos polos lugares habituais de recollida. Nos anos 70 comezou a facer as fotos en cor, polo que o traballo de laboratorio xa non se facía na casa senón que se mandaban os carretes a Redondela para o seu revelado e as copias en papel.

Nos últimos anos de exercicio profesional montou o seu estudio na localidade do Burgo, en Culleredo, onde xa se xubilou en 1983. Segundo afirman os que mellor coñeceron a Cardoña, o retiro cambiou nel o entusiasmo e a enerxía que desprendía. Separar do ollo a súa cámara supuxo "desconectarlle a pila alcalina" que o mantiña activo e feliz.

José Gestal finou o 21 de agosto de 2003 mais pervive na memoria dos que posaron diante da súa cámara e nos recordos en papel fotográfico que aínda hoxe aparecen polas casas de Carral.

A fotografía non é só obxecto histórico,
senón tamén axente articulador da historia.

Joan Fontcuberta

Recompilar fotografías de tempos pasados resulta un labor apaixonante. O traballo que levamos desenvolvendo para confeccionar un arquivo fotográfico faise moi devagar, con ilusión, método e co entusiasmo de moitas persoas que rebuscan nos vellos álbums aquelas imaxes que desexan compartir con todos. É un traballo compartido e que se contaxia.

No ano 1998, o entusiasta fotógrafo Cándido Díaz Mosquera, "Folgueira", propuxo ao Concello de Carral realizar unha recompilación de fotografías antigas coas que iniciou un arquivo fotográfico que serviría de xermolo para facer unha exposición e editar un libro. Aquela proposta inicial converteuse nunha colección de diapositivas e follas de contacto que pasou a ser unha exposición con trinta e dúas imaxes que se exhiben de xeito permanente na Casa da Cultura.

Díaz Mosquera tiña que facer as reprodución fotografando as fotografías, cun equipamento baseado nunha cámara e nunha mesa de copiado que incluía a iluminación necesaria para tentar que a reprodución fora o máis fiel posible ao orixinal. E despois da copia tiña un traballo de retoque manual só apto para quen dominara algunhas técnicas artísticas. Foi un traballo laborioso. Antes tivo que percorrer o municipio para facerse coas fotografías. Foron bastantes familias as que colaboraron prestando as fotos para reproducilas e incorporalas na colección.

Daquel traballo naceu a primeira exposición que se fixo en Carral con fotos antigas, resultando ser un dos eventos culturais máis visitados pola poboación. E tamén naceu un libro titulado *Carral. Crónica fotográfica (1910 – 1983)*, publicado por Edicións Espiral Maior en 1999 e que se esgotou en poucos meses.

Con esa primeira experiencia xa se puido comprobar o valor que teñen as imaxes do noso pasado. Unha foto familiar ou realizada nunha romaría ou nun acto relixioso, por exemplo, acaban converténdose en documentos de valor histórico e antropolóxico. Como di Félix del Valle Gastaminza "unha das características máis relevantes da fotografía é que o seu significado cambia co paso do tempo". Grazas a esas fotos podemos comprobar cales eran os costumes, os xeitos de vestirse ou de comer, os oficios ou a arquitectura e a paisaxe local, entre outros moitos aspectos que atinxen aos modos de vivir en Carral. Os que hoxe gozamos deste libro lembramos ou descubrimos como eramos hai cen ou cincuenta anos. As sorpresas son moitas e os recordos dos que viviron estes tempos convértense moitas veces en morriña, sorrisos e bágoas. Mais convídoos a que fagan o exercicio de imaxinar cal será a reacción de quen olle este exemplar dentro de 50 anos. Nunca escoitará falar dunha malla, nin de que había que ir buscar auga á fonte, nin de que se xogaba ao fútbol na estrada, nin de que era nos bares onde estaba o teléfono da aldea, nin de que un neno ou unha nena de 8 anos levaba as vacas ao monte sen axuda de ninguén máis, nin da ducia de fillos que había en moitas casas, nin do excepcional respecto que se lle tiña ao cura, ao médico, ao mestre ou ao membro da Garda Civil. Para eles serán tempos que coñecerán de lonxe, en parte grazas ao arquivo fotográfico que serve de soporte para dar a coñecer estas vellas fotografías.

As fotografías que configuran este libro recollen moitos momentos das nosas xentes. Son momentos cotiáns na rúa, nunha romaría, nunha procesión, mentres se traballaba ou mentres se compartía un tempo de lecer cos veciños. Son imaxes que nos trasladan a un xeito de vida pasado, perdido, agora transformado polo rápido desenvolvemento social e tecnolóxico das últimas décadas. Nas fotos deste libro vemos costumes abandonados, oficios transformados pola mecanización, ritos xa descartados, necesidades diarias agora atendidas polas novas comodidades, paisaxes transformadas polo aumento das edificacións e ata especies animais que resultan inéditas para os nenos do noso tempo. Estas fotos son o testemuño do moito que cambiou a sociedade de Carral.

Mais o arquivo que constituíu Díaz Mosquera segue funcionando. Agora, coas modernas tecnoloxías dixitais e as múltiples e potentes aplicacións informáticas que permiten retocar ou recuperar en boa medida aquelas imaxes deterioradas, o traballo do arquivo é máis doado e máis produtivo.

Facer que medre o arquivo agora resulta moito máis sinxelo. Cun proceso de escaneado de alta calidade e cos retoques necesarios, podemos ser capaces de incorporar novas imaxes dun xeito rápido e con amplas opcións para o uso delas. A confección deste libro é un deses usos, ofrecer exposicións é outro, mais estase demostrando que ofrece a posibilidade de que moitas familias poidan incorporar aos seus arquivos particulares fotografías de familiares das que non dispoñían. Incluso moitas persoas están sendo capaces de poñerlle faciana aos seus bisavós ou tataravós porque nas súas familias, en moitas ocasións, non contaban con fotografías deles. Resulta gratificante comprobar a emoción que manifestan moitas persoas que se achegan para solicitar unha fotografía do arquivo na que descubriron ao antepasado que nunca coñeceron ou do que nunca conservaron unha fotografía. Parece que levan de novo ao fogar ao vello familiar. Imaxina vostede canto tempo de conversa e de lembranzas pode producir nunha familia o feito de encontrar unha imaxe dos seus devanceiros?

Outro uso social que se lle está concedendo ao arquivo fotográfico é o de atopar imaxes dun vello Carral para o ornamento de espazos públicos ou particulares, ofrecendo a posibilidade de comparar as vellas estampas coas actuais condicións da nosa paisaxe. Acaban sendo un recurso decorativo de contrastado éxito e popularidade.

Mais a principal inquedanza dos responsables da colección é a de ofrecerlle ás vindeiras xeracións a posibilidade de visualizar como era o Carral de cando non había leira sen labrar nin domingo sen comungar. Axudaralles a comprender como eran os modos de vida dos nosos devanceiros e a facer as relacións necesarias entre o tempo pasado e o que están a vivir.

Como xa adiantaron o alcalde e a concelleira de Cultura nas presentacións deste libro, resulta primordial a participación das persoas e entidades que cederon os seus vellos álbums para alimentar o arquivo fotográfico. Resulta para moitos deles un acto de pagamento de débeda co pobo no que viven, entendendo que o que son hoxe en día ten a súa xénese naqueles momentos conxelados nas súas fotos. Outras persoas chegan a nós co entusiasmo de compartir as imaxes que teñen, esperanzadas de que poidan ser de interese para outras familias que posiblemente teñan antigos vencellos coas fotos cedidas.

É xusto salientar a xenerosidade de persoas como Íñigo Sangro y de Linier, do Pazo de Vilasuso, que sabedores da importancia dos seus antepasados, que tiveron unha relevancia social e política tanto a nivel local coma estatal, incluso en Iberoamérica, permitiu dixitalizar imaxes de tempos nos que facer unha fotografía estaba só ao alcance duns poucos. Un exemplo é a fotografía feita na fervenza do Batán no 1879. Estamos a falar de hai máis de 135 anos, cando as cámaras eran aparatosos trebellos empregados maiormente en estudios ou en escenarios urbanos e que estaban en posesión duns poucos artistas. Facer esa foto supuxo, seguramente, encargarlle a un fotógrafo da Coruña ou de Santiago que se achegara ata a parroquia de Beira para facer tan fermosa imaxe coa familia do entón

dono do pazo, Melchor Sangro. Non sabemos se o lugar foi escollido por suxestión do fotografado ou se foi o propio autor da instantánea quen investigou as posibilidades da zona. Do que si temos seguridade e da marabillosa foto que agora podemos compartir.

Nun tipo de publicación coma esta debemos ter en conta o significado que o lector ou lectora lle vai dar a cada imaxe. Como xa indicamos anteriormente, o significado que ten unha vella fotografía vai cambiando co tempo. Fotos nas que aparecen un grupo de mozos preparados para unha xornada de festa era naquel momento nada máis que unha imaxe que serviría para que os protagonistas lembraran aquel día. Agora podemos darlle moitos máis significados. Susan Sontag xa dixo no seu libro *Sobre la fotografía* que "unha fotografía cambia de acordo co contexto onde se ve: así, as fotografías de Smith tomadas en Minemata -imaxes moi duras onde os residuos tóxicos provocaron un envelenamento masivo deste poboado de pescadores- lucirán diferentes nunha folla de contactos, nunha galería, nunha manifestación política, nun arquivo policial, nunha revista de fotografía, nunha revista de noticias xerais ou na parede dun salón". Cada persoa que olle estas fotos terá un vencello de seu con elas que será o que lle outorguen significado. Para uns non serán máis que as fotos antigas de Carral; outras veranas como un xeito de vida pasado; outros verán nelas unhas características arquitectónicas que xa non perduran; outra xente o transporte no que viaxaba para ir traballar á cidade... Este libro non terá o mesmo significado nunha casa de Carral que na biblioteca dunha universidade. Por iso, estas máis de 300 fotos aumentan en valor na mesma proporción que o número de ollos que se sumen a miralas. Neste sentido cabe lembrar o acontecido coa obra do fotógrafo de Soutelo de Montes (Forcarei), Virxilio Viétez, que dedicou boa parte da vida a facer retratos de persoas e grupos en actos sociais, festas, vodas, velorios ou en traballos cotiáns; de igual xeito que facía o carralés "Cardoña". Mais co paso do tempo aquelas fotos converteron a Viétez nunha gran figura da fotografía galega, presentando exposicións nas mellores salas e galerías galegas e españolas así como en museos de arte contemporáneo tanto europeos como de Nova York. É un exemplo que constata o valor que poden adquirir aquelas fotos que para algúns non son máis que recordos de cor sepia.

E xa por último, quero advertir da posibilidade de que a información que achegamos en cada pé de foto non sexa a correcta. Temos comprobado, en todos estes anos, que a única información fiable que manexamos é a que ás veces o fotógrafo indicaba no reverso do papel fotográfico sinalando a data da imaxe. A restante información, como a de onde se fixo a foto, quen aparece nela ou outros detalles, recóllese da información verbal que nos dá quen cede as fotografías. Mais ás veces a memoria demóstrase feble ou cando menos inexacta. Esta circunstancia non é a común nas fotografías do arquivo mais xa se teñen detectado erros nalgunhas delas e téntanse corrixir buscando contrastar a información. Nalgúns casos resulta doado. Noutros case é imposible ter a información exacta. Neste labor de corrección resulta útil a información que os lectores e lectoras deste libro nos poidan achegar nos casos de que sospeiten dun pé de foto erróneo. De todos os xeito, consideramos que cada unhas destas instantáneas teñen mensaxe propia sen que sexa necesario transcribila.

Carlos Lorenzo Pérez

Xestor cultural, fotógrafo e
técnico de Cultura do Concello de Carral

Fotos para as mil historias de Carral

Álbum

Distinguimos este pequeno grupo de fotografías por un motivo singular: están feitas nalgún dos pazos de Carral ou a algún dos seus residentes en tempos nos que fotografarse estaba ao alcance de moi poucos.

A fotografía feita á familia de Melchor Sangro, do Pazo de Vilasuso, na fervenza do Batán en 1879, é a máis antiga das incluídas no Arquivo Fortográfico Municipal de Carral e resulta un verdadeiro tesouro. Mais tamén os xardíns deste pazo ou os da Ribeira acolleron momentos que ficaron conxelados desde entón, e non só cos habitantes destas importantes casas, senón tamén cos veciños de Barcia que traballaban no pazo ou acudían aos ritos ou á catequese que se celebraba na capela de Santo Antón.

Parece doado supoñer que o poder económico das liñaxes que ocuparon estes pazos permitía posuír unha cámara ou convidar a un fotógrafo para tomar as instantáneas que forman parte desta colección.

Melchor Sangro (Pazo de Vilasuso) e a súa familia na fervenza do Batán. 1879.

Reunión social no Pazo da Ribeira. 1923

Reunión social no Pazo da Ribeira. 1923

Reunión social no Pazo da Ribeira. 1923

A Carticheira: mandadeira do Pazo de Vilasuso. 1929.

Nenos da catequese no xardín do Pazo de Vilasuso. 1927

Veciños de Vilasuso no patio do pazo. 1927

Veciños de Vilasuso na entrada do pazo. 1927

Andrés, o xardineiro do Pazo de Vilasuso. 1927

Don Bernardo no Pazo de Vilasuso. 1927

Andrés, xardineiro do Pazo de Vilasuso, coa súa familia. 1929.

Don Bernardo coas nenas da catequese no Pazo de Vilasuso. 1927.



Obras no muro do Pazo de Vilasuso. 1927

Gonzalo Fernando Torres, o seu amigo Sousa e outro acompañante no xardín do Pazo de Vilasuso. 1927.

Resulta sempre sorprendente comprobar como cambiaron as paisaxes ao longo dos anos, en especial os lugares máis urbanos. Parece oportuno ollar as vellas fotografías comezando polas que nos ofrecen unha perspectiva daqueles lugares que sufriron unha profunda transformación. Onde antes había hortas agora existen edificios; a terra e os lastros cambiaron polo asfalto; as vellas e humildes casas agora son fortes edificios con varias alturas; e as vetustas igrexas convertéronse en esveltos templos.

E como testemuña inmutable destes cambios mantense como referencia o Monumento aos Mártires de Carral.

Monumento aos Mártires e capela. 1967

Construción da estación depuradora de auga de Cañás. Entre 1911 e 1915

Vista da depuradora de auga de Cañás

Escola das Travesas. Anos 40

Centro de Carral. Anos 40

Estrada a Sarandós en Carral. Anos 40

Carral. Anos 40

Carral. Anos 40

Carral. Anos 40

Igrexa de Beira. Anos 40

Panteón dos Mártires

Igrexa de Quembre. Anos 50

Carral. Anos 50

Igrexa de Cañás. Anos 50

Igrexa de Tabeaio. Anos 40

Capela de Carral. Anos 40

Centro de Carral. 1955

Casa de Francisco (barbaría) en Carral. 1953

Salón de Roque en Carral. 1950

O Paraíso en Carral. 1950

Centro de Carral con Casa Tosera á dereita. 1950

Cine Carral na Costa do Pincho. 1950

Costa do Pincho en Carral. 1950

Vistas de Carral. Anos 60

Vistas de Carral. Anos 60

Vistas de Carral. Anos 60

Vistas de Carral. Anos 60

Gasolineira de Carral. Anos 60

Vistas de Carral. Anos 60

Campo da Feira de Carral. Anos 60

Zona do Monumento aos Mártires. Anos 60

Centro de Carral durante volta ciclista.
5 febreiro 1967.

Estrada en Tabeaio durante volta ciclista.
5 de febreiro 1967.

Vistas de Carral. Anos 60

Este apartado pode resultar un dos de maior interese pois nas fotos que se presentan ollamos algúns dos xeitos de como se facía o traballo nun concello rural como o de Carral. Labores agrícolas como o traballo nas terras co gando ou a malla, os panadeiros e as panadeiras ou as costureiras son algúns exemplos.

Tamén podemos ver as fotografías do primeiro teléfono en Carral ou do primeiro taxi, o labor diario das mulleres nos lavadoiros e as vestimentas máis tradicionais.

Venda de pan na feira. Anos 50

Simón García co uniforme militar durante a Guerra Civil. 1937.

José Mouriño, de Herves, co seu boi Navarro. Anos 40

Grupo de traballadores. Anos 40

Luis Doval co traxe tradicional. Anos 40

Entroido en Beira. Anos 50

Rosalía Naveira, panadeira de Herves, repartindo pan. Anos 40.

Labrega de San Vicente

Costureira. Anos 40

Adela e Marité con traxes tradicionais

Mulleres de Beira facendo no caldo. Anos 50

Maruja de Ferreiro (Beira) coa súa máquina de coser. Anos 50

Subindo a costa de Herves cun carro con toxos. Anos 50

Mulleres no lavadoiro. Anos 50



Traballos de sega

Bochinche nas festas. 1955

Obradoiro-escola de costureiras

Victoria Beade vendendo o pan polas aldeas. Anos 50

Carmen Rapela repartindo o pan polas aldeas. Anos 50

Carmiña no teléfono. 28 agosto 1955

Jesusa coa súa vaca. 1955

Eladio Villaverde con vacas no alpendre de Jesús do Louro (Carral). 1957

Manuela Caridad (Cañás) coa súa vaca no Campo da Feira. 15 maio 1957

Manolita e Mucha con traxes tradicionais. 1957

Pasando o caínzo. 21 abril 1957

Camareiras. 1958

Manuel Varela aprendendo o oficio de carpinteiro. Anos 60

Irmáns Morandeira en Tabeaio. 1958

Matilde Gestal con traxe tradicional sentada nunha zorra. 8 febreiro 1959.

Mozos con tractor

Grupo ante unha meda de palla

Maruja Mouriño (Herves) co seu boi gañador do premio ao mellor boi de posta. 18 xullo 1960.

Muller en Tabeaio con ovellas e años. 1957

Muller con traxe tradicional

Mozo con vaca

Traballando co carro de vacas. Anos 60

Andrés Campelo (fillo e pai) e Severiano á porta do muíño. 1962.

Benito Bermúdez co seu coche (primeiro taxi de Carral). 1962

Neno con vacas pacendo. 1961

Obradoiro-escola de costureiras de Tabeaio. 22 marzo 1961

Sementando nas patacas. 1965

Traballando cun carro de vacas. 1965

Día de malla en Sergude. 1962

Mozas no lavadoiro. 1964

Gaiteiro no Monumento aos Mártires.
17 setembro 1967.

Venda de pan na feira. 1966

Grupo de baile folclórico. 1966

Obreiros construíndo unha granxa en Tabeaio. 2 marzo 1966

Pedro Fernández (Herves) repartindo no pan. 1967

Estrella Rodríguez co traxe tradicional. 1969

Celebración de San José de Calasanz no colexio Vicente Otero. 1974

Cociñeiras do colexio Vicente Otero. 1973

Feira na Praza da Capela

Suso Reboredo co seu autocar. 1975

É previsible que o fútbol ocupe a maior parte da colección de fotografías que teñen temática deportiva. De feito, a maioría das fotos que a continuación se presentan son dos equipos de fútbol da Unión Deportiva Carral, de San Vicente de Vigo e do Relámpago de Quembre.

Aínda así, Carral contou tamén con equipos de voleibol cando o habitual desta disciplina deportiva era que fora de modalidade feminina. A serie complétase cunha imaxe dunha carreira ciclista que pasou pola estrada xeral no ano 1959.

Equipo de fútbol

Manuel, Pancho, Franco e Pepe da Unión Deportiva Carral. 1943

Franco e Carlitos da Unión Deportiva Carral. Anos 40

Equipo de fútbol de Carral. Anos 50

Equipo de fútbol. Anos 50

Julio Ínsua



Equipo de voleibol con Fina, Conchi, Manolita, Carmiña, Adela e Mª Carmen. Anos 50

Equipo de voleibol con América, Adela, Orosia, Orlinda, Amelia e Pilarita. Anos 50

Unión Deportiva Carral. Anos 50

Equipo de voleibol con Piruca, América, Concha, Adela e Pilarita. 15 setembro 1957.

Unión Deportiva Carral. Anos 50

Carreira ciclista pasando por Carral. 1959

Equipo de fútbol de San Vicente

Xogadores do Relámpago de Quembre, Anos 60.

O Relámpago de Quembre. Anos 60

Sindo. Anos 60

Unión Deportiva Carral. Anos 60

Unión Deportiva Carral. Anos 60

O Relámpago de Quembre. Anos 60

Unión Deportiva de Carral

Unión Deportiva Carral. 1962

Unión Deportiva Carral. 7 agosto 1966

Unión Deportiva Carral. 22 agosto 1965

Equipo de fútbol de San Vicente. 1968

O Relámpago de Quembre. 1968

Equipo de fútbol de San Vicente. Anos 70

Equipo de fútbol de San Vicente. Anos 70

O fotógrafo convertíase nunha testemuña habitual nos principais actos de carácter social e relixioso. As imaxes da vodas, das comuñóns e das procesións de Semana Santa son habituais nas colecciónes particulares de cada familia. Tamén o son as fotos feitas nas romarías nas que se constata a ledicia que supuña para familias enteiras compartir comida e festa ao aire libre xunto a veciños e amizades.

O Monumento aos Mártires da Liberdade é un punto habitual no que se realizan actos civís, ben dedicados aos militares fusilados en Carral en 1846 ou doutra índole, dado que supón o lugar máis céntrico de Carral, coa xa desaparecida capela e coa praza que foi denominada de Calvo Sotelo. Unha das fotografías máis representativas desta sección é a concorrida homenaxe que o 26 de abril de 1931 se fixo ante o Panteón, na que intervén quen sería despois presidente da Real Academia Galega, Manuel Lugrís Freire. Mais quizais resulte dun maior valor histórico a foto tomada no cemiterio de Paleo o 23 de abril de 1899, día da colocación da primeira pedra do monumento aos Mártires, na que aparecen os que tamén foran presidentes da Real Academia Galega, Manuel Murguía e Andrés Martínez Salazar.

Manuel Lugrís no acto de homenaxe aos Mártires. 26 abril 1931

Manuel Murguía e Andrés Martínez Salazar diante dos sepulcros dos Mártires. 23 abril 1899, día que comezou a construción do Monumento.

Manuel Ínsua Santos no acto de homenaxe aos Mártires. 26 abril 1931

Misa na honra aos Mártires. Anos 40

Homenaxe republicana aos Mártires. Anos 40

Domingo de Ramos. 1950

Rapaces de Primeira Comuñón. 1945

Primeira Comuñón na zona do Paraíso. 1950

Romaría folclórica organizada polo Movimiento Nacional. 1950

Romaría folclórica organizada polo Movimiento Nacional. 1950

Primeira Comuñón en Carral con Don Jesús. 1951

Rapazas bailando na praza. 1954

Procesión por Tabeaio. 1955

Procesión procedente da Coruña na zona da Brexa. 13 marzo 1955

Procesión procedente da Coruña na zona da Brexa. 13 marzo 1955

Procesión procedente da Coruña na zona da Brexa. 13 marzo 1955

Procesión en Cañás. 1955

Primeira Comuñón en Quembre. 1955

Inauguración da centraliña telefónica de Carral. 1955

Procesión en Carral. 1955

Rapaces da catequese en Beira. 1956

Día do Sagrado Corazón na antiga praza Calvo Sotelo de Carral. 1957

Día do Sagrado Corazón na antiga praza Calvo Sotelo de Carral. 1957

Procesión de Domingo de Ramos en Carral. 1957

Primeira Comuñón en Beira. Anos 50

Procesión de Santo Estevo en Paleo. 1957

Voda en San Vicente. Anos 50

Primeira Comuñón en Carral. Anos 50

Procesión en Carral. Anos 50

Nenas no Domingo de Ramos en Carral. 1958

Enterro dunha nena na zona de Ans. Anos 50

Procesión no Campo da Feira. Anos 50

Mulleres con mantilla no Panteón dos Mártires. Anos 50

Mulleres con mantilla na Semana Santa. 1960.

Procesión por San Vicente pola doazón dunha figura da Virxe por parte da familia Doval. 1958.

Primeira Comuñón en Quembre

Procesión por San Vicente pola doazón dunha figura da Virxe por parte da familia Doval. 1958.

Primeira Comuñón en Tabeaio. 1961

Inauguración do centro gandeiro en Carral. Anos 60

Primeira Comuñón en Quembre. Anos 60

Mulleres con mantilla na Semana Santa. 1960

Homenaxe ao xornalista Bocelo. 1963

Voda na capela de Carral. 1967

Concurso de Nadal no colexio Vicente Otero. 1973

Rapaces de romaría. 26 xullo 1969

Primeira Comuñón e Confirmacións en Carral. 1974

Dr. Eduardo Pérez inaugurando a praza que leva o seu nome. 1981

Día forestal no colexio Vicente Otero. 1976

Como última sección desta publicación preséntanse unha serie de fotografías tomadas en ocasións do máis diversas. Existen retratos individuais, de parella ou familiares realizados en estudios fotográficos ou con fondos pintados que algúns retratistas transportaban xunto coa súa cámara para simular en calquera lugar un escenario, polo xeral, de temática clásica. Son varias as fotos de mozos vestindo o uniforme do exército, abundantes as de nenos e nenas nas escolas ou nas comuñóns e moitas as de mozos e mozas compartindo anacos de lecer.

Fotos deste apartado poderían formar parte dalgúns dos anteriores porque tamén nos permiten ollar algunhas paisaxes, lugares de traballo, eventos sociais e rutinas e tradicións cotiáns. Son centos de facianas que miraron directamente á cámara. Agora, nestas páxinas e pasados moitos anos, mírannos directamente a nós contándonos o que viviron naqueles tempos.

Escola de Don Ignacio en Carral. 1959



Primeiro coche (Chevrolet) Carral-Coruña da empresa de Gumersindo Ruibal Graña. Anos 30

José Gestal (Cardoña) e a súa moza María na Coruña. Anos 30.

Visita á estación depuradora de Cañás. 10 abril 1926

Rapazas da escola da Sra. Virginia. 1936

Felisardo Morandeira Ans. 1934

Ricardo Rapela e Estrella Sande cos seus fillos

Familia Rapela Sande

Manuel Pérez Fidalgo (Loliño de Aña). 1936

Mª Cruz Torres en Carral. 1942

Felisa Barbeito e veciña de Beira. Anos 40

Grupo ante o Monumento aos Mártires

Grupo na estrada en Carral. Anos 40

Nenas na escola. Anos 40

Nenas da escola de Carral

Pastora e Lola coa máquina de coser. Anos 40

Enterro dun neno en Beira. Anos 40

Pirula e Ana en Carral. Anos 50

Escolares do mestre Don Leandro. 1946

Victoria e Toñita buscando auga á fonte. 1947

Grupo na romaría de Sarandós. 1948

Á saída de misa. 9 abril 1950

Celia Gómez paseando en bicicleta. Anos 50

Familia Lois de Quembre. Anos 50

Familia Morandeira Rapela. Anos 50

Mozos diante de Ferretería La Nueva de Carral. Anos 50

Grupo de mozos

Grupo diante dunha tenda de Carral

Entroido en Beira. Anos 50

Grupo de baile con Toñita de Totón. Anos 50

Grupo de rapazas de Tabeaio

Grupo familiar en Beira

Grupo na festa de Herves

Jesús Gómez Barbeito (Beira)

José e Felisa cos fillos e sobriños. 1950

Juana dando biberón a un porquiño

Mozos xunto á horta de Joaquina en Carral. Anos 50

Mozos no Salón de Roque en Carral. Anos 50

Mulleres na gasolineira

Jesús, Juana e Mª Luz en Casa Tosera. Anos 50

Marina de Che e axudantes. Anos 50

Grupo de mozas de Carral. 1951

Paseando por Tabeaio. Anos 50

Nenos na escola. 1949-1950

Retrato familiar

Nenos diante da escola. Anos 50

Ofrenda do Ramo ao San Martiño en Tabeaio. 1950

Trasladando o viño para a festa

Neto de Víctor Velasco e Carmiña de Tasio. 1953

Carmen como raíña da comedia na escola. 1953

Parella en bicicleta. 1951

Mozos na festa do San Benito. 1954

Grupo na romaría. 1953

Mozas no cemiterio de Paleo. 1954

Eladio Villaverde. 1954

Paseando pola estrada en Carral. 1954

Esther e irmás Orgeira. 1955

Retrato na moto. 1957

Suso, Toñito e Manuel na praza de Carral. 7 xuño 1954

Familia de Herves. 18 xullo 1957

Grupo na Pinguela. 1955

Mulleres na estrada en Carral. 1955

Toñita e Esther Barbeito. 1955

Nenas no adro de Beira. 1956

Mulleres con sellas. 1956

José Antonio Barbeito (Cañás) na escola. 1955

Retrato na estrada en Tabeaio. 1954

Señora e nena na praza de Carral. 14 abril 1957

Nevada en Carral (O Pincho). 12 febreiro 1956

Grupo de amigas na horta de Guedellas. 1958

Sindo García na escola. 1956-1957

Mozos de Tabeaio. 1957

Grupo de baile de Carral. 15 maio 1957

Retrato de nenos. 1958

Mulleres no cruce de Tabeaio. 1958

José Antonio Barbeito (Cañás) en moto. 1959

Homes no río. 15 agosto 1958

Familia Vázquez no “huevito”. 1959

María e Matilde de camiño á misa en Tabeaio.
7 xuño 1959.

Antonio, Eladio, Pascual, Manuel Caridad e Manuel Barbeito. 1959

Carmen Rapela con rapaces. 1959

Nenos na escola de Carral. 1959

Grupo diante do cuartel da Garda Civil. 22 febreiro 1958

Mulleres na Costa do Pincho. 1959

Voda na igrexa de Beira. 15 novembro 1959

Familia Mouriño de Herves. 28 febreiro 1960

Emilio, Luis e Roberto co coche de Don Eduardo (médico). Anos 60

Familia Gestal embarcando para Brasil. 28 febreiro 1960

Rapaza na gasolineira de Carral

Entroido en Tabeaio. Anos 60

Retrato de mozas

Retrato de familia no Panteón

Retrato de familia en Primeira Comuñón

Grupo de mozos

Grupo de mozas

Escola de bordar na casa de Barbeito. 1960

Matilde na Vespa de Cardoña. 8 xuño 1965

Grupo de nenas

Rapaces na taberna

Mª Rosa, Maruja e Aurita Mouriño. Anos 60

Mulleres no Panteón. Anos 60

Mozas de Tabeaio. Anos 60

Retrato de Primeira Comuñón. 1965

Grupo diante do Cine Carral. 1960

José do Ferreiro cos seus netos. 1962

Mozos de San Vicente. 1963

Convidadas a unha voda. Anos 60

Grupo na gasolineira. 1963

Eulogio e Antonio Morandeira nunha nevada en Tabeaio. 2 febreiro 1963

Retrato ante o autobús. 14 maio 1961

Mozo en moto por Tabeaio. 1966

Membros da Peña Parry

Grupo no cemiterio de Cañás. 1960

Grupo de actuación en Carral. 1961

Grupo na romaría de Sarandós. 1962

Manuel Varela disfrazado no Entroido. 20 febreiro 1966

Grupo ante o Monumento aos Mártires

Sindo, Lolo e Amelia. 1964

Mozos no cruceiro de Tabeaio. 1963

Grupo de mozos de Tabeaio. 1966

Mozas na fonte do Paraíso. 1963

Familia Castelo de Quembre. 17 setembro 1961

Mozos diante de Casa Tosera. 1960

Mozos cos sacerdotes. 1968

Retrato de rapaz nos Currás (Tabeaio). 1968

Retrato de Primeira Comuñón. 1968

Grupo de nenos. 1969

Mozos no Bar Concha. 1968

Mozos de Carral no Aninovo. 1968

Escolares co mestre Manuel Cambeiro. Anos 70

Grupo no Entroido. 16 febreiro 1969

Escola de noite de Carral. 10 abril 1967

Construción da igrexa de Carral. 1968

Grupo de rapaces. 1966

Posando co burro. 4 abril 1965

Romaría en Beira. 1972

Mulleres coas galiñas, pavos e porcos

Juan Barbeito (Cabrois)

Familia Barral Bergondo en Primeira Comuñón en Tabeaio. 4 febreiro 1973

Pepe do Loureiro

Mozos de Carral. 1975

Nena na estrada de Cañás. 1967

Antonio Bello e Manuela Brea (Quembre)

Grupo ante o Bar Eustasio. 1971

ÍNDICE

Presentacións:

7 Diego Calvo Pouso

9 José Luis Fernández Mouriño

11 Isabel López Pérez

13 Foto Gestal, un arquivo de retratos

15 Cardoña, o fotógrafo de Carral

17 Mil historias en fotos

23 Pazos

29 Paisaxes

40 Oficios e tradicións

55 Deportes

64 Actos sociais e relixiosos

78 Retratos e colectivos

AGRADECEMENTOS

O Concello de Carral agradece a colaboración das seguintes persoas e entidades que cederon as súas fotografías para facer posible as exposicións e o libro Fotos para as mil historias de Carral.

Amalia Seijas
Andrés Campelo Sánchez
Antonio Castelo
Antonio Morandeira
Arquivo da Real Academia Galega
Asociación Riobarcés
Beatriz Morandeira García
Benito Bermúdez Veira
Berta Barbeito García
Carlos Beade
Carmen Bello
Celia Gómez Barbeito
Colexio Vicente Otero Valcárcel
Consuelo Rumbo
Eladio Villaverde Caridad
Elena Beade
Emalcsa
Emilio Vázquez Gende
Esther Barbeito Arenas
Estrella Vecino
Fernando Taibo Gago
Francisco Cañás
Gloria Beade
Gloria Morandeira Méndez
Gonzalo García Gilda
Íñigo Sangro y de Linier
Jesús Reboredo García
Jesús Rumbo Rodríguez
Jesús Seoane
José García
José Montes García
José Temprano
Josefa Morano
Laura Arenas
Loli Rodríguez Fariña
Luis Gómez Beade
Mª Carmen Cambeiro
Mª Carmen García Santos
Mª Isabel Bonome Santos
Mª Jesús Gómez
Mª José García Fariña
Mª Luisa Casal García
Manuel Barbeito
Manuel Pérez Rodríguez
Manuela Bao
Margarita Ramilo
Martín Alaguero
Maruja Mouriño
Matilde Gestal Castro
Mercedes Ares Brandariz
Mónica Moar
Pilar Pérez
Rosa Vázquez Buján
Sindo García
Toñita Barbeito Arenas
Toñita Lois

EXEMPLAR GRATUÍTO
Prohibida a súa venda